

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA SOCIEDADE DIXITAL

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da Información en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.



Pola outra parte, ue o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (en diante CPEIG) segundo o disposto na Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia do 1 de decembro do 2006, pola que se crea o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e nos seus Estatutos, ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñarías en informática e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional entre as que se atopan a implantación da sociedade da información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega económica da Amtega ao abeiro do convenio que se pretende formalizar ten un carácter de interese público, e contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías da información entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrência pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

